

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para o Ámbito Científico de PMAR en 3º da ESO

Cada unha das tres materias que conforman este ámbito será obxecto de probas obxectivas específicas: autoavaliación contrastada en matemáticas, avaliación mediante probas online en física e química e avaliación mediante probas orais en bioloxía e xeoloxía.

Contemplantase igualmente a cualificación das actividades que comprendan varias destas áreas, como o seguimento da caseta de meteoroloxía do centro, proxecto que engloba actividades de matemáticas, física e química e bioloxía e xeoloxía.

Criterios de cualificación por avaliación

80% media aritmética das probas obxectivas.

10% exercicios e pequenos traballos a entregar: busca de información, resumos de textos...

10% traballo diario, na aula e na casa.

Para que a media de dúas probas obxectivas se considere aprobado a nota mínima en cada unha delas debe ser de 4.

Criterios de cualificación final

A cualificación final será a media aritmética das avaliacións. Os alumnos que non acaden media de aprobado poderán facer un exame de recuperación da materia suspensa. En caso de recuperación a cualificación farase da mesma forma, aportando o exame de recuperación o 80% da nota, e o resto (20%) o mesmo que se indica na cualificación por avaliación.

Avaliación extraordinaria

A avaliación extraordinario consistirá nunha proba escrita que será o 100% da nota.

Criterios de corrección das probas escritas

As respostas deberán axustarse ao enunciado das preguntas. Os exercicios non consistirán nunha mera aplicación de fórmulas e deberán estar correctamente explicados. Deberán indicarse as unidades de cada magnitude, de non facelo ou estaren mal expresadas, descontarase o 25% da puntuación dese exercicio ou apartado.